

**PROXECTO
CURRICULAR
DO
2º CICLO
DE
EDUCACIÓN PRIMARIA**

CEIP DE ESTEIRO DE FERROL

PRESENTACIÓN

A política educativa vixente promove un apreciable grao de autonomía organizativa e curricular nos centros, ata o punto de que os seus equipos directivos e docentes, así como o Consello Escolar, constitúen o penúltimo banzo de concreción do deseño curricular —o último banzo sería a programación de aula.

No documento básico é o Proxecto Curricular, recolléense, non só os principios fundamentais —epistemolóxicos, sociolóxicos e psicopedagóxicos— da política educativa vixente, senón tamén as directrices metodolóxicas e procedementais para desenvolver un ensino de calidade.

O Proxecto Curricular inspira tamén as orientacións que guiaron a redacción das Propostas Didácticas para as diferentes áreas de coñecemento e os textos para o alumnado, de tal xeito que entre o Proxecto e as Propostas Didácticas para exista a necesaria coherencia dos principios organizativos e psicodidácticos cos epistemolóxicos e de contido.

Presentamos, pois, o documento que debe servir de referencia para:

1) coñecer o que a comunidade educativa e a sociedade en xeral deben esperar do centro, é dicir, a súa oferta educativa; e 2) orientar sobre a organización e o funcionamento dos equipos directivos e departamentais e dos profesores e das profesoras de aula; isto é, unha guía para a acción.

PUNTO DE PARTIDA

1. CARACTERÍSTICAS DA ETAPA

Na etapa de Educación Primaria comeza a escolaridade obrigatoria, o que propicia que poidan concorrer a ela os alumnos e as alumnas que cursaran Educación Infantil xunto a outros que accedan á educación institucional por primeira vez. Isto fai que se presenten problemas diferentes que será preciso tratar convenientemente ata conseguir un grupo que funcione.

Mentres os nenos e as nenas con experiencia escolar anterior requiren continuidade e coherencia, nesta nova etapa os de novo acceso non terán máis remedio que adaptarse a un contorno diferente do do seu fogar e cunha disciplina que suporá un reaxuste interno importante no seu comportamento habitual. Así mesmo, desde o principio, deberán saber que o obxectivo principal da súa asistencia ao colexio non é outro que aprender, o que pode crearlles certas tensións e obrigará aos profesores e ás profesoras a empregar estratexias metodolóxicas de atención personalizada.

En función destes parámetros, a Educación Primaria cumpre a importante misión de socialización e compensación, e correspóndese co inicio da adquisición polo alumnado de destrezas instrumentais básicas (lectura, escritura e calculo) e coa súa aplicación ao medio e á súa cultura, e co desenvolvemento da súa heteronomía, ata chegar á autonomía persoal, espacial e temporal, así como intelectual, social e moral.

Durante a etapa, pouco a pouco, iranse afianzando as destrezas básicas mediante técnicas de traballo que faciliten o seu achegamento á análise da realidade dunha maneira máis racional e obxectiva. As tarefas adquirirán unha complexidade crecente que se verá facilitada pola aprendizaxe cooperativa, para inicialos nas súas primeiras experiencias autónomas. Todo este proceso require unha adecuada atención á diversidade, en función das diferenzas individuais e os distintos ritmos de aprendizaxe.

Sinteticamente, os trazos evolutivo-madurativos e os aspectos psicopedagóxicos desta etapa son os seguintes:

1.º Crecente capacidade de abstracción e nova construción do real

- a) Posibilidade dunha aprendizaxe sistemática de códigos convencionais (lecto-escritura, calculo, linguaxe musical, códigos de representación espacial e temporal, etcétera) e o seu uso de maneira fluída.
- b) Capacidade para apreciar e disociar calidades dos obxectos e fenómenos (cantidade, lonxitude, distancia, peso, volume, etc.).
- c) Capacidade para construír abstraccións cun significado que parte da súa propia experiencia, illando as calidades dos obxectos e establecendo relacións entre eles mediante atributos, características e propiedades.
- d) Posibilidade dun coñecemento cada vez máis sistemático e elaborado (científico), non exclusivamente a través da experiencia.
- e) Desenvolvemento e afianzamento progresivo de actitudes, como a curiosidade intelectual, a necesidade de observación e control da realidade, o interese pola explicación, etc. que dan acceso ao mundo científico.
- f) Construción dun espazo e dun tempo obxectivos e cuantificables.

2.º Linguaxe e autonomía

- a) Exercitación da súa total funcionalidade, dada a capacidade da propia lingua para a análise e a reflexión sobre os produtos lingüísticos, o que mellora a comprensión e a expresión.
- b) Dominio cualitativo da coordinación lingüístico-psicomotriz (neuromotriz, perceptomotriz, óculo-manual, etc.).
- c) Transvasamento progresivo da heteronomía á autonomía intelectual, social e moral, o que potencia a autonomía da propia aprendizaxe.

3.ª Interacción social e autoconcepto.

- a) Consolidación da identidade.
- b) Concienciación das capacidades e limitacións.
- c) Aumento do control emocional.
- d) Avaliación da propia situación no contorno.
- e) Aceptación das normas e do punto de vista dos demais.
- f) Adaptación á vida escolar.

- g) Interacción cos demais.
- h) Convivencia en grupo.
- i) Aumento do autoconceito, da autoestima e da autoeficacia.

En resumo, esta etapa debe proporcionar aos alumnos:

- a) A formación integral que facilite o desenvolvemento harmónico da súa personalidade.
- b) A madurez necesaria correspondente a esta etapa do ciclo vital.
- c) O tratamento adecuado das súas diferenzas individuais.
- d) A posibilidade de realizar unha aprendizaxe construtiva.
- e) O coñecemento e o dominio básicos da propia persoa e do medio.
- f) O dominio das ferramentas básicas instrumentais do coñecemento.
- g) O desenvolvemento da cognición e da metacognición e a motivación (aprendizaxe autorregulada).
- h) A consolidación da súa socialización e da súa autoestima.

2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

As peculiaridades máis relevantes dos alumnos e das alumnas nesta etapa, que van condicionar de xeito decisivo a intervención docente na aula, son as seguintes:

Desenvolvemento afectivo

Primeiro Ciclo

- a) Melloran o control emocional (incentivo-emotivo) e desenvolven os sentimentos.
- b) Dependén aínda dos referentes máis significativos (pais, docentes, etc.).

Segundo Ciclo

- a) Estabilizan o control emocional e asentán e melloran os seus sentimentos.
- b) Inician a súa independencia respecto dos referentes máis significativos, de camiño cara á autonomía.

Terceiro Ciclo

- a) Adquiren unha madurez relativa no control emocional e nos sentimentos.
- b) Culminan a independencia progresiva dos referentes máis significativos, iniciando a súa autonomía real ao finalizar este ciclo.

Desenvolvemento psicomotor

Primeiro Ciclo

- a) Consolidan o esquema corporal: ton, relaxación e respiración.
- b) Controlan as condutas motrices de base: postura, equilibrio e coordinación.

- c) Asentan as condutas neuromotrices: lateralidade, paratonías e sincinesias.
- d) Dominan as condutas perceptomotrices: estruturación espacial, estruturación temporal e ritmo.
- e) Perfeccionan a psicomotricidade grossa e fina.

Todas estas variables son fundamentais para a consolidación da madurez lecto-escritora, imprescindible para unha aprendizaxe eficaz.

Segundo Ciclo

- a) Coñecemento e dominio do esquema corporal.
- b) Coñecemento e dominio das condutas motrices de base.
- c) Coñecemento e dominio das condutas neuromotrices.
- d) Coñecemento e dominio das condutas perceptomotrices.
- e) Coñecemento e dominio da psicomotricidade grossa e da fina.

O dominio da psicomotricidade vai permitir mellorar substancialmente a comprensión e a expresión de diferentes linguaxes, particularmente da escrita.

Terceiro Ciclo

- a) Madurez no coñecemento e dominio da motricidade grossa e fina, no espazo e no tempo.
- b) Madurez no coñecemento e dominio da psicomotricidade grossa e fina, no espazo e no tempo (condutas ligadas ao esquema corporal, condutas motrices de base, condutas neuromotrices, condutas perceptomotrices e condutas ligadas ao movemento: axilidade, flexibilidade, precisión, forza, resistencia, velocidade, etc.).

Estes avances permiten explorar e tomar conciencia das propias posibilidades motrices, psicomotrices, expresivas e lúdicas. En suma, tomar conciencia do corpo de forma progresiva e integral, así como das esixencias que presentan o seu coidado e o seu desenvolvemento harmónico.

Desenvolvemento cognitivo

Primeiro Ciclo

- a) Atópanse no estadio evolutivo-madurativo do desenvolvemento intelectual das operacións concretas, o que implica a necesidade de manipular (obxectos, linguaxe, etc.) para a formación de conceptos e a súa categorización, aínda que estes sexan aínda moi elementais.
- b) Pasan da intelixencia práctica intuitiva á operativa (diversidade e organización de operacións), coñecendo a través da súa experiencia persoal e cotiá, evolucionando progresivamente cara á lóxica.
- c) Fan xirar a realidade arredor da súa persoa.
- d) Detectan e manexan símbolos e signos, que lles permiten aprender e incorporarse aos códigos convencionais.
- e) Utilizan un pensamento sincrético e analóxico, relacionando os elementos por xustaposición, percibindo globalmente a realidade, establecendo

analogías sen realizar análises nin deducións, procedendo indutiva e intuitivamente.

- f) Adquiren progresivamente o pensamento causal, o que facilita a explicación real dos feitos, a liberación do subxectivismo e do egocentrismo, e o establecemento do límite entre o eu e a realidade.
- g) Manifestan gran curiosidade intelectual, e interésaller o porque das cousas.
- h) Usan a repetición e organización, as estratexias da linguaxe escrita (madurez), o estudo, a atención e a memoria.
- i) Avanzan no coñecemento de feitos (declarativo) e procesos (procesual).
- l) Conceptúan o número e as súas operacións.
- m) Realizan clasificacións e seriacións.
- n) Inician e desenvolven a descentralización, a reversibilidade e a conservación.
- ñ) Inician e desenvolven as operacións aritméticas, lóxicas, físicas (materia, peso e volume), espaciais (topolóxicas, proxectivas e euclidianas), temporais e cinéticas.
- o) Inician e desenvolven a metacognición.
- p) Desenvolven progresivamente a capacidade de observación.
- q) Toman conciencia da permanencia do obxecto, das súas calidades e da importancia dos seus cambios, o que facilita o traballo con nocións físicas e matemáticas, e con procesos cíclicos de transformación.
- r) Melloran a función de representación do seu pensamento, ca cal amplían a concepción do espazo e do tempo, aínda de forma elemental.
- s) Desenvolven funcionalmente a linguaxe, o que determinará a estruturación do seu pensamento.

Segundo Ciclo

- a) Encóntranse no mesmo estadio evolutivo-madurativo de desenvolvemento intelectual, aínda que cada vez necesitan menos manipular para a formación de conceptos e a súa categorización, co cal se nota maior nivel.
- b) A intelixencia é cada vez máis operativa e lóxica.
- c) A realidade pasa a ser máis obxectiva progresivamente.
- d) Dominan o manexo de símbolos e signos de códigos convencionais, o que favorece a capacidade de representación e a aprendizaxe da lingua escrita, a numeración, a representación espacial e gráfica, e a lectura da imaxe.
- e) Pasan da explicación por xustaposición (organizando e explicando a totalidade en fragmentos sen conexión coherente) á lóxica (por categorías socialmente elaboradas e facilitadas polos adultos).
- f) Incrementan a capacidade de introspección, co que o pensamento é cada vez máis causal e comeza a ser máis analítico e dedutivo.
- g) Experimentan un cambio cualitativo no modo de organizar a realidade.
- h) Manifestan maior curiosidade intelectual.
- i) Consolidan a noción de conservación.
- l) Observan cambios en situacións e fenómenos do mundo físico e poden describilos, comparándoos e establecendo relacións de diferenzas e semellanzas.

- m) Afianzan a diferenza entre os feitos e fenómenos físicos e os psicolóxicos.
- n) Exploran as características dos materiais que utilizan.
- ñ) Utilizan cada vez mellor as estratexias da linguaxe, o estudo, a atención e a memoria comprensiva.
- o) Melloran substancialmente o seu coñecemento, operando mellor de maneira progresiva.
- p) Desenvolven a metacognición a través da autorregulación da súa actividade.
- q) Incrementan a capacidade lingüística, xa que consolidan a lingua materna e ofrecen a posibilidade de ensinalles unha segunda lingua.

En xeral, reafírmanse as adquisicións do ciclo anterior e poténcianse novos desenvolvementos que serán básicos para o seguinte ciclo, onde se culminará o período das operacións concretas, introdutorio das operacións formais, que leva á autonomía persoal.

Terceiro Ciclo

- a) Culminan o estadio evolutivo-madurativo das operacións concretas e introdúcese paulatinamente no das operacións formais, o que facilita o tránsito do mundo do concreto e do real ao mundo do abstracto e do posible. Isto permite o desenvolvemento das capacidades para construír abstraccións, que teñen un significado con orixe na propia experiencia, e para illar as calidades dos obxectos e establecer relacións entre eles mediante atributos, características e propiedades.
- b) Conseguen a madurez lóxico-operativa e inician a especulativa, o que facilita a posibilidade dun coñecemento cada vez máis elaborado (científico), non só a través da experiencia.
- c) Acadan a percepción obxectiva, instrumental e especulativa da realidade, desenvolvendo a curiosidade intelectual, a observación, o control dos procesos de intervención, o interese pola explicación rigorosa, a interpretación dos resultados, a xeneralización, etc.
- d) Dominan símbolos e signos, co que aumentan as súas posibilidades de aprendizaxe sistemática (lecto-escritura, sistemas de numeración, linguaxe musical, códigos de representación espacial, etc.) e da súa utilización (buscando e elaborando novas informacións, reestruturando as que xa se posúen, relacionándoas coas conclusións e construíndo o coñecemento de si mesmo e do mundo que nos rodea).
- e) Desenvolven as capacidades para apreciar e disociar as calidades dos obxectos e fenómenos (cantidade, lonxitude, distancia, peso, volume, movemento, etc.), o que implica percibir e tomar conciencia da realidade e estabilidade dos obxectos, das súas calidades e dos seus cambios; construír un importante conxunto de nocións físicas e matemáticas, e traballar na comprensión dos procesos de transformación e da existencia e funcionamento de regularidades e ciclos (da auga, das plantas, etc.).

En resumo, culminan a etapa coa madurez das capacidades que levan ao coñecemento e dominio de si mesmos, esencial para poder coñecer e dominar o mundo que nos rodea, xa que se facilita a construción da

autonomía intelectual, moral e social a través da autonomía no propio proceso de aprendizaxe.

Desenvolvemento da personalidade

Primeiro Ciclo

- a) Consolidan progresivamente o seu autoconcepto, a súa autoestima e a súa eficacia.
- b) Melloran e estabilizan a estima dos demais.
- c) Definen o carácter.
- d) Manteñen unha sexualidade latente.
- e) Adaptación progresiva á escola.

Constrúen progresivamente a súa personalidade, partindo da toma de conciencia de si mesmos e da súa estima e da dos demais.

Segundo Ciclo

- a) Asentan a súa identidade, xa que estabilizan e melloran as características do anterior ciclo: o autoconcepto, a autoestima, a eficacia e a estima dos demais.
- b) Regular o carácter.
- c) Manteñen a latencia sexual.
- d) Desenvolven unha gran capacidade de esforzo e entusiasmo.

Aumentan as súas posibilidades, pois asentan e melloran o autoconcepto, a autoestima, a eficacia e o carácter.

Terceiro Ciclo

- a) Consolidan a súa identidade, tomando conciencia e aceptando as súas propias capacidades e limitacións e as dos demais, co cal dan solidez ao seu autoconcepto, á súa autoestima e á súa eficacia.
- b) Dominan o carácter e controlan os seus impulsos.
- c) Inician a puberdade, coa maduración dos caracteres sexuais secundarios e a culminación da madurez sexual.

En xeral, consolidan a súa identidade e dan paso ao comezo da autonomía persoal (de aprendizaxe, intelectual, moral e social).

Desenvolvemento social

Primeiro Ciclo

- a) Afondan no coñecemento interpersoal (interese polas características dos demais) e as relacións (eu comunitario = amigos).
- b) Manifestan un razoamento e comportamento moral diversificado.
- c) Consolidan e amplían o seu proceso de socialización, relacionándose cos demais, respectando regras, dialogando, escoitando e cooperando.
- d) Iníciáanse certos comportamentos autónomos dentro da heteronomía que viven.

e) A través do xogo pasan da anomía á heteronomía e á autonomía.

Van pasando progresivamente do egoísmo propio da etapa anterior ao coñecemento, á aceptación e á relación cos demais.

Segundo Ciclo

- a) Interésanse pola cooperación e a participación.
- b) Desenvolven a capacidade para aceptar o punto de vista dos demais (redución do egocentrismo).
- c) Descubren intereses comúns, relaciónanse aínda máis cos demais, respectan as normas e toman decisións conxuntas.
- d) Adquiren paulatinamente máis autonomía.
- e) Intégranse progresivamente noutros ambientes sociais fóra do ámbito familiar.
- f) O grupo de iguais comeza a ser moi importante para eles.

A partir de intereses comúns, intensifican as relacións cos demais e establecen lazos profundos de amizade.

Terceiro Ciclo

- a) Incrementase a interacción entre iguais e a convivencia en grupo: cooperando, participando e estreitando lazos de amizade.
- b) Avanzan notablemente no coñecemento, na empatía e na aceptación dos demais.
- c) Aprenden normas e desenvólvense con facilidade en sistemas de organización social.
- d) Progresan na construción dunha moral autónoma, asimilando sistemas de valores e crenzas e desenvolvendo actitudes positivas.
- e) O grupo de iguais adquire o seu maior relevo.

En xeral, culmínase a fase heterónoma coa inestimable axuda do grupo de iguais e do xogo, básicos para a introdución e a construción da autonomía persoal e social.

En resumo, os tres ciclos da Educación Primaria caracterízanse por:

Primeiro Ciclo (6-8 anos)

Comezo da escolaridade obrigatoria.

- Necesidade de atención aos alumnos e ás alumnas de diversa procedencia en canto ás súas aprendizaxes previas.
- Existencia aínda dunha gran dependencia do alumnado respecto do profesorado e do núcleo familiar, tanto no plano afectivo como no do desenvolvemento do traballo.
- Principais características:
 - Inicio da adquisición das destrezas instrumentais básicas.

- Aplicación destas á obtención de determinadas capacidades e coñecementos culturais.

Segundo Ciclo (8-10 anos)

- Empeza a haber unha maior capacidade nos alumnos e nas alumnas para interesarse por aspectos máis detallados da realidade, o que facilitará a ampliación dos campos do coñecemento que se aborden.
- Adquire maior relevancia o traballo cooperativo, e o individual empeza a ser cada vez máis autónomo.
- A dependencia afectiva do alumnado respecto do profesorado vaise reducindo.
- Principais características:
 - Afianzamento das destrezas iniciadas no ciclo anterior.
 - Introducción de novas técnicas e estratexias de traballo, que van facilitar o coñecemento e dominio do medio.

Terceiro Ciclo (10-12 anos)

- Ampliación dos intereses dos alumnos e das alumnas máis aló da realidade inmediata e desenvolvemento da curiosidade cara a outras realidades.
- Autonomía suficiente do alumnado respecto do profesorado.
- Capacidade para considerar e integrar distintos puntos de vista para participar en traballos de equipo.
- Principais características:
 - Perfeccionamento das destrezas básicas.
 - Presentación de tarefas de maior complexidade intelectual.
 - Dominio das técnicas de traballo intelectual.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Os principios nos que se basea a proposta son os seguintes:

Desde a perspectiva epistemolóxica das diferentes áreas de coñecemento:

- Non todos coñecemos igual en todo momento.
- En cada momento hai influencias sobre o coñecemento que proveñen das experiencias previas e das situacións novas.
- O coñecemento é o resultado da interacción entre as experiencias previas e as situacións novas; polo que, máis que transmitirse, constrúese mediante a práctica, co cal se pon de relevo o seu carácter construtivista, social e interactivo.

- Calquera coñecemento pode ter diferentes lecturas, significados e presentacións, que poden ser todos obxectivos. Ensinar/aprender supón contrastar perspectivas, enriquecer esquemas conceptuais con novas contribucións por parte de todos, superar as lagoas e emendar os erros.
- O ensino debe buscar interaccións cada vez máis ricas e significativas entre os elementos proporcionados por diferentes soportes (textos, audiovisuais, etc.), mediadores (docentes, compañeiros, pais), métodos (didácticas: xeral e especiais) e situacións ou feitos (da vida cotiá, descubrimentos, centros de interese, etc.).

Desde a perspectiva psicolóxica:

a) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.

- Das súas características evolutivo-madurativas específicas, en xeral.
- Do seu nivel de competencia cognitiva e metacognitiva.
- Dos coñecementos previamente construídos.

b) Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas.

- Diagnosticando os coñecementos previos que posúe.
- Conectando e integrando os contidos e estratexias previos cos novos por vivir e aprender. O alumnado, co que sabe e grazas á maneira como o profesor ou a profesora lle presentan a información, reorganiza o seu coñecemento entrando en novas dimensións, transferindo ese coñecemento a outras situacións, descubriendo os principios e procesos que o explican, mellorando a súa capacidade organizativa comprensiva para outras experiencias, ideas, valores e procesos de pensamento que vai adquirir dentro e fóra da aula.

c) Favorecer a aprendizaxe autónoma.

- Desenvolvendo o profesorado un modelo curricular de natureza procesual que asegure que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si mesmos, aprendendo a aprender, adquirindo estratexias cognitivas e metacognitivas que favorezan o asentamento dunha boa memoria comprensiva (semántica). Modelo que, partindo do establecemento de redes conceptuais que permitan representar toda a estrutura da materia de xeito sinxelo e claro, das cales se poidan formar os esquemas conceptuais e cognitivos oportunos, permita a xeración de mapas cognitivos que establezan relacións entre os distintos contidos e faciliten a percepción da súa estrutura ao dar resposta adecuada aos tres interrogantes que a ciencia se fai: que (descrición) e os seus detalles (cales, como, onde e cando), por que (explicación) e para que (intervención).
- Modificando progresivamente os esquemas previos do coñecemento dos alumnos e das alumnas, desde o saber cotián ata o saber científico.

d) Potenciar a actividade.

- Facilitando a reflexión á hora da acción.
- Posibilitando que o alumno e a alumna cheguen a facer aquelas actividades que aínda non son capaces de realizar sos, pero si coa axuda conveniente (zona de desenvolvemento potencial).

Desde a perspectiva pedagóxica:

a) Partir da avaliación inicial, específica e global.

- Das súas aptitudes e actitudes.
- Das súas necesidades e intereses.
- Dos seus coñecementos previos, xerais e por áreas.

b) Motivar axeitadamente.

- Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.
- Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións.
- Espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender, especialmente a través dunha atribución causal positiva, tanto do profesorado como do propio alumnado.

c) Analizar os esquemas previos de coñecemento.

- Asegurando que se posúen os requisitos básicos para poder abordar a seguinte nova aprendizaxe.
- Reforzando os conceptos previos máis débiles e sensibles.

d) Fomentar a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos.

- Incorporando mediante a actitude docente o exemplo adecuado que se debe seguir (currículo implícito ou latente).
- Facilitando que poida desenvolver a súa actividade coa mínima axuda necesaria.
- Consolidando os enlaces entre os coñecementos previos e os novos.
- Estruturando e dosificando os novos contidos conceptuais de forma apropiada (redes, esquemas e mapas).
- Promovendo a funcionalidade das aprendizaxes, aplicándoas e transferíndoas a outras situacións ou contidos diferentes.
- Tendo moi en conta os coñecementos de cada materia, respectando a súa estrutura epistemolóxica, a súa lóxica interna específica e os avances do momento.

Desde a perspectiva sociolóxica:

- a) *Partir do diagnóstico inicial das relacións que se dan na aula, como microsociedade viva, xermolo das futuras relacións da vida real.*
- De relacións afectivas e efectivas.
 - De roles: líderes, rexeitados, etc.
- b) *Formar grupos nos que se favorezan as relacións humanas e a modelación dos roles máis adecuados.*
- Facilitando a comunicación —diálogo—, como base da comprensión (práctica de técnicas intragrupo de dinámica de grupo).
 - Propiciando a interrelación cos demais grupos (práctica de técnicas intergrupais).
 - Repartindo competencias e responsabilidades a todos os seus membros.
 - Desenvolvendo as capacidades de autoxestión e cooperación.
 - Favorecendo a aprendizaxe cooperativa.
- c) *Potenciar os grupos co exercicio constante de experiencias enriquecedoras.*
- Preparando para a convivencia democrática, a participación cidadá e a igualdade.
 - Respectando os demais e as súas diferentes culturas: tolerancia e aceptación da diversidade.
 - Construindo unha cultura común.

En resumo, poderíamos compendialos nos seguintes principios metodolóxicos:

- a) *Respecto das leis da maduración.*
- b) *Comunicación e apertura.*
- c) *Individualización e autonomía.*
- d) *Socialización.*
- e) *Secuenciación.*
- f) *Flexibilidade.*
- g) *Aprendizaxe construtivo-significativa.*
- h) *Formación de hábitos e actitudes.*
- i) *Coordinación coa familia.*

Especificamente, estes principios deben facilitar:

- a) A conexión co nivel de desenvolvemento real e potencial dos alumnos e das alumnas, atendendo ás súas diferenzas individuais e partindo do próximo para chegar ao afastado. Esta atención á diversidade requirirá a elaboración de programas específicos que asuman a función compensadora que pretende a Educación Primaria.
- b) A comunicación a través do diálogo e a apertura a outras formas de pensar e obrar.
- c) Un clima afectivo rico en vivencias baseadas no respecto mutuo, que procure a motivación necesaria para espertar, manter e incrementar o interese dos alumnos e das alumnas.

- d) O progreso do xeral ao particular, de forma cíclica, en función do pensamento globalizado do alumno e da alumna, integrando as áreas coa formulación de contidos conceptuais, procedementais e actitudinais comúns, tendo en conta a transversabilidade do currículo.
- e) A adaptación da acción educativa ás diferenzas persoais (capacidade, intereses e ritmo de aprendizaxe), como base do desenvolvemento integral e autónomo.
- f) O espírito de grupo co exercicio da participación e a cooperación, practicando a aprendizaxe grupal, a interacción e a interrelación de iguais e de discentes e docente.
- g) A organización de contidos, de xeito que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para acadalas.
- h) A actividade constante do alumno e da alumna, xa que se entende como ferramenta básica da aprendizaxe autorregulada.
- i) A flexibilidade adecuada nas diversas situacións de aprendizaxe, tanto na selección da metodoloxía máis aconsellable en cada caso como nos aspectos organizativos espazo-temporais.
- l) A aprendizaxe construtivo-significativa, partindo da consolidación do saber anterior e do reforzo daquel que permita enlazar os organizadores previos co novo coñecemento que se debe adquirir.
- m) O xogo como elemento motivador fundamental na construción da moralidade, xa que regula o paso da heteronomía á autonomía persoal e social.
- n) A creatividade de alumnos e de alumnas e de docentes, como forma diversificada e enriquecedora de comunicación.
- ñ) O tránsito desde a formación de conceptos e a aplicación de procedementos á construción de hábitos e á definición de actitudes, que culmine a consolidación de valores e o respecto polas normas.
- o) O contacto escola-familia como marco afectivo-efectivo de relacións e, por extensión, de toda a comunidade educativa.

CONTIDOS TRANSVERSAIS

Estes son contidos de ensino-aprendizaxe sen referencia directa ou exclusiva a ningunha área curricular concreta, nin a unha idade ou etapa educativa particular, senón que afectan a todas, desenvólvense ao longo de toda a escolaridade obrigatoria, aluden directamente á **educación en valores**, e responden a realidades de especial relevancia para a vida das persoas e da sociedade.

Podemos considerar que a aprendizaxe destes contidos transversais pretende conseguir as seguintes finalidades:

- 1.^a Localizar e criticar os aspectos inxustos da realidade cotiá e das normas vixentes.
- 2.^a Diseñar formas de vida máis xustas no plano persoal e social.
- 3.^a Elaborar autónoma, racional e democraticamente os principios xerais de valor que axuden a vulgar a realidade de forma crítica e con xustiza.

4.^a Facultar aos mozos e ás mozas para adquirir comportamentos coherentes coas normas elaboradas por eles e coas dadas pola sociedade democraticamente, co fin de buscar a xustiza e o benestar social.

As liñas mestras de intervención dos diferentes contidos transversais poden ser as seguintes:

Educación para a paz

Estimular o diálogo como principal vía para a resolución de conflitos entre persoas e grupos; facilitar o encontro entre persoas que teñan intereses non necesariamente coincidentes, e desenvolver actitudes básicas para a participación comprometida na convivencia, na liberdade, na democracia e na solidariedade.

Educación para a igualdade de ambos sexos

Desterrar tratamentos discriminatorios entre as persoas en función do seu sexo.

Educación ambiental

Participar decidida e solidariamente na resolución dos problemas do medio natural.

Educación para a saúde e a calidade de vida

Crear hábitos de hixiene física e mental, que permitan un desenvolvemento san, un aprecio do corpo e do seu benestar, unha mellor calidade de vida e unhas relacións interpersoais baseadas no desenvolvemento da autoestima.

Educación sexual

Apreciar os roles sexuais e o exercicio da sexualidade como comunicación plena entre as persoas.

Educación viaria

Coñecer e respectar as normas establecidas para a mellor organización e beneficio da circulación viaria.

Educación do consumidor

Proporcionar os instrumentos de análise e de crítica necesarios que permitan unha opinión e unha actitude propias fronte ás ofertas da sociedade de consumo, e que capaciten para tomar conciencia ante o exceso de consumo de produtos innecesarios.

Educación para o lecer

Promover un emprego activo e creativo do tempo libre e a valoración de actividades culturais como fonte de pracer e enriquecemento persoal.

Educación intercultural

Desenvolver hábitos e actitudes de curiosidade, de respecto e de participación cara ás demais culturas do contorno e tomar conciencia do amplo espazo de convivencia social que é Europa.

Educación para o desenvolvemento

Promover actitudes que valoren adecuadamente o peso específico da educación como motor do desenvolvemento dos pobos.

Educación para os medios de comunicación

Utilizar instrumentos de análise e de crítica necesarios para construír unha opinión propia, libre, xusta e democrática.

Educación moral e cívica

Cofecer, valorar e respectar os Dereitos Humanos, como base da non discriminación, do entendemento e do progreso de todos os pobos e apreciar o diálogo como maneira de solucionar diferenzas.

En resumo, estes contidos pretenden conseguir os seguintes obxectivos:

- 1.º **Desenvolver o xuízo moral** a través da formación de capacidades que permitan reflexionar sobre os conflitos de valores que poidan presentarse e resolvelos adecuadamente.
- 2.º **Adquirir os coñecementos necesarios para poder xulgar criticamente.**
- 3.º **Formar capacidades para facer coherente o xuízo e a acción moral.**

A AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación como un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe. Por tanto, non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha parte, indicando que obxectivos se conseguen e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e ónde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

En calquera caso, sempre é bo ter presente que debe ser a avaliación e cales as súas funcións, os seus obxectivos e as súas modalidades máis convenientes.

AVALIACIÓN

Concepto

- Análise dos datos cuantitativos e cualitativos recollidos na posta en práctica do proxecto curricular, co fin de tomar as decisións que permitan a súa máxima eficacia.

Funcións

- **Diagnóstico:** Información sobre a marcha do desenvolvemento do currículo, os alumnos e as alumnas e os profesores e as profesoras.

- **Prognóstico:** Avance de expectativas sobre que pode ocorrer, para previr e resolver problemas.
- **Adaptación:** Acomodación dos diferentes métodos e recursos aos distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, con miras á máxima personalización do proceso educativo.
- **Orientación:** Guía, paso a paso, do camiño que se debe seguir en cada momento do desenvolvemento curricular.
- **Regulación:** Facilitación e harmonización de elementos persoais, materiais e funcionais para garantir o grao de eficacia do desenvolvemento do currículo.
- **Control:** Certificación da calidade e cantidade dos logros obtidos.

Obxectivos

- Pescudar a necesidade, a viabilidade, a idoneidade, a oportunidade, o aproveitamento e a rendibilidade do deseño e do desenvolvemento curricular.
- Actuar en función do alumno e da alumna, atendéndoos como persoas, tanto individual coma socialmente.
- Proporcionar datos de todos os participantes no proceso educativo: alumnado, docentes, deseños e desenvolvementos curriculares, etc., para poder decidir o que mellor conveña.
- Obter información cuantitativa e cualitativa sobre a asimilación do programa e, xa que logo, sobre a súa eficacia.
- Constatar que se van adquirindo e desenvolvendo as capacidades previstas nos obxectivos curriculares.
- Avaliar axeitadamente o aproveitamento docente-discente para poder orientalo da mellor maneira.
- Coñecer exhaustivamente os elementos que integran o proceso educativo, en especial o alumnado, para poder elaborar diagnósticos o máis axustados posible.
- Informar á comunidade educativa, sobre todo aos pais, e solicitar a súa axuda.
- Motivar con vistas ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- Facilitar información ás institucións recoñecidas que o requiran.
- Prognosticar e orientar as posibilidades dos alumnos e das alumnas e previr o fracaso escolar.
- Coñecer a calidade da actuación docente, individual e grupal, e do sistema educativo.
- Establecer programas de reciclaxe ante a detección de malos resultados.
- Superar a antiga concepción da avaliación como único control.

Modalidades

- **Avaliación inicial**, que facilita a valoración dos coñecementos previos, as capacidades e as actitudes do alumnado, co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.
- **Avaliación formativa continua**, que pretende coñecer se se van logrando os obxectivos propostos, cando aínda se pode intervir modificando o camiño para conseguilos; é dicir, avaliación do proceso e como proceso. Este tipo de avaliación ten un especial carácter regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo desde o seu **comezo**, o que require unha avaliación inicial previa.

- **Avaliación sumativa**, que estima os méritos ao finalizar o currículo (máis cuantitativa), na que se valora, sobre todo, o dominio das capacidades adquiridas; isto é, avaliación do resultado.

Principios

- Que sexa un medio, non un fin en si mesma.
- Que constitúa un proceso continuo, progresivo e sistemático.
- Que atenda ás diferenzas individuais.
- Hai que partir do que se quere avaliar e despois avalialo.
- Traballar en equipo á hora do seu deseño.
- Ter flexibilidade ao elixir os criterios ou probas.
- Debe basearse en criterios claros e o máis obxectivos posibles.
- Hai que dotala dun mínimo de requisitos para a súa realización.
- Debe tratar aspectos cualitativos e cuantitativos.
- Ten que recoller ao máximo todos os aspectos da personalidade.
- Reflectir de maneira clara: que, como e cando debe realizarse.
- Propiciar ao seu termo o proceso de reorganización específico e global (*feedback*).

A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade supón un concepto amplo de acción educativa que intenta dar resposta ás dificultades de aprendizaxe, ás discapacidade sensoriais, físicas, psíquicas e sociais, aos grupos de risco, ás minorías étnicas, ao alumnado superdotado, aos inmigrantes, ao alumnado con intereses especiais e a calquera outra necesidade educativa diferenciada e especializada.

A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa adecuada atención é un dos piares básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas. En consecuencia, todo centro ten que estar en condicións de:

- 1.º Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.
- 2.º Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.
- 3.º Adoptar una metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
- 4.º Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

Como consecuencia da obrigatoriedade do ensino, xorde a escola comprensiva, que ofrece un mesmo currículo básico para todos os alumnos e todas as alumnas e minimiza as súas diferenzas a través do principio de igualdade de oportunidades, co fin de compensar así as desigualdades sociais.

Ademais, suscítase como proporcionar unha resposta educativa axeitada a un colectivo de estudantes con necesidades de formación moi diversas, escolarizados dentro dun mesmo centro educativo e cun currículo, en parte, común.

A nosa proposta, seguindo a liña do deseño curricular base (DCB), trata de promover a escola comprensiva mediante as seguintes estratexias:

- 1.^a Adoptar organizacións flexibles dentro da aula, con respecto polos principios básicos da organización e do funcionamento dos grupos, practicando estratexias inter e intragrúps, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.
- 2.^a Realizar as adaptacións curriculares necesarias para asegurar que se poida manter unha escola na que teñan cabida todos, sexan cales fosen as súas necesidades educativas ou intereses persoais específicos.
- 3.^a Levar á práctica un programa de orientación e acción tutorial no centro.

Por conseguinte, o noso Proxecto Curricular de Educación Primaria suxire:

- 1.^o Facilitar, consolidar e desenvolver a socialización do alumnado, o que significa ensinalle a aprender a convivir e a comportarse adecuadamente en grupo, a ser solidario, a cooperar e a respectar as normas; para isto, imponse a posta en práctica das teorías de grupo e de dinámica de grupo, aplicando os modelos, as estratexias e os estilos máis adecuados en cada caso.
- 2.^o Realizar adaptacións curriculares encamiñadas a dar resposta aos distintos estilos de aprendizaxe ou dificultades transitorias do alumnado (non significativas) e para aqueles casos nos que as diferenzas e as dificultades de aprendizaxe son máis permanentes ou graves (significativas).
- 3.^o Planificar e desenvolver un programa coherente de orientación e acción tutorial que facilite a resposta educativa ás súas necesidades específicas, permanentes ou transitorias.

ADAPTACIÓNS CURRICULARES

As adaptacións curriculares deben dar resposta polo menos a tres tipos de dificultades básicas dos alumnos e das alumnas: as de acceso ao currículo, as de aprendizaxes concretas e as de capacidade xeral.

- a) **As de acceso ao currículo** en realidade non son tales adaptacións, xa que a súa única pretensión é facilitar o acceso físico ou comunicativo para a integración no sistema educativo, respectando o principio de igualdade de oportunidades, porque moitas veces a dificultade non reside no que o alumnado ten que aprender, senón nos medios cos que conta o sistema educativo para poder ensinarllo (outra lingua materna, barreiras arquitectónicas, linguaxes alternativas, etc.).
- b) **As de aprendizaxes concretas** deben facilitar aos alumnos e ás alumnas o acceso a determinados coñecementos e capacidades concretas, para resolver lagoas ou problemas producidos durante o proceso de aprendizaxe, como consecuencia de necesidades educativas especiais temporais ou permanentes.
- c) **As de capacidade xeral** teñen a misión de pór en situación de aprendizaxe a aqueles alumnos e a aquelas alumnas que o requiran de forma global e permanente a causa das súas necesidades educativas específicas.

Estes dous tipos de adaptacións requiren a modificación e a adecuación dos métodos de ensinanza, dos obxectivos, dos contidos, das actividades, da temporalización, dos recursos e da avaliación. Para levalas a cabo, o centro terá que:

- a) Introducir cambios nos bloques de contidos, dando prioridade a uns sobre outros, e reforzando e ampliando uns máis ca outros.
- b) Adaptar o material didáctico e a metodoloxía.
- c) Promover actividades diferenciadas e organizar grupos de traballo flexibles.
- d) Variar o ritmo de introdución dos contidos e a organización e a secuenciación destes, se fose necesario.

Adaptacións curriculares de centro

I. Na avaliación

1. Establecer criterios de avaliación, contextualizando os expresados no currículo xunto aos dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais (n.e.e.).
2. Fixar criterios específicos flexibles de promoción para os alumnos e as alumnas con necesidades educativas especiais (n.e.e.).
3. Incluír criterios e procedementos de avaliación do contexto.
4. Determinar responsabilidades en canto á detección das n.e.e. e a súa avaliación.
5. Elaborar e adaptar os instrumentos de avaliación tendo en conta as n.e.e. dos alumnos e das alumnas do centro.
6. Diseñar documentos informativos de avaliación válidos para todo o alumnado que vaian máis alá da simple información de cualificacións á familia.

- II. Na metodoloxía e nas actividades
 - 1. Establecer criterios comúns para a etapa que faciliten a resposta normalizada fronte ás n.e.e.
 - 2. Fixar opcións metodolóxicas de ciclo co mesmo fin.
 - 3. Definir criterios para a elección de métodos, estratexias e actividades de ensino-aprendizaxe que faciliten a resposta normalizada fronte ás n.e.e.
 - 4. Deseñar actividades comúns para todo o centro e para cada unha das etapas e ciclos.
 - 5. Definir criterios específicos para a adaptación de actividades de ensino-aprendizaxe dos diferentes tipos de n.e.e.

- III. Nos obxectivos e nos contidos
 - 1. Definir os obxectivos xerais de etapa e de áreas tendo en conta as n.e.e. de todos os alumnos e todas as alumnas do centro.
 - 2. Introducir obxectivos e contidos específicos para alumnado con n.e.e.
 - 3. Secuenciar estes obxectivos e contidos.
 - 4. Darlles prioridade a obxectivos e contidos, definindo os mínimos.

Adaptacións curriculares de aula

- I. Nos elementos persoais
 - 1. Relacións profesorado-alumnado:
 - 1.1. Coñecer o sistema de comunicación dos alumnos e das alumnas con n.e.e.
 - 1.2. Manter unha actitude positiva con eles.
 - 1.3. Procurar relacións espontáneas e fluídas, dentro dun bo clima de clase.
 - 2. Relacións entre alumnos e alumnas:
 - 2.1. Combinar agrupamentos homoxéneos e heteroxéneos, actuando intencionalmente na súa constitución.
 - 2.2. Fomentar o traballo cooperativo e participativo.
 - 3. Relacións entre o titor e a titora e apoios:
 - 3.1. Establecer responsabilidades.
 - 3.2. Realizar coordinacións.
 - 3.3. Programar e avaliar conxuntamente.

- II. Nos elementos materiais
 - 1. Organizar e distribuír espazos e tempos respectando as n.e.e.
 - 2. Seleccionar os recursos didácticos máis adecuados en cada caso.

- III. Nos elementos funcionais
 - 1. Na avaliación:
 - 1.1. Partir dunha avaliación inicial xeral de cada área e específica de cada unidade didáctica para a detección de coñecementos previos.
 - 1.2. Empregar procedementos e instrumentos variados adaptados ás n.e.e. dos alumnos e das alumnas.
 - 1.3. Deseñar actividades de ensino-aprendizaxe que permitan a avaliación continua.
 - 1.4. Potenciar a autoavaliación e a heteroavaliación.

2. Na metodoloxía e nas actividades:
 - 2.1. Empregar estratexias motivadoras próximas aos intereses do alumnado.
 - 2.2. Dar prioridade a métodos que favorezan a experiencia directa, a comunicación e a reflexión.
 - 2.3. Dispensar reforzos positivos variados.
 - 2.4. Diseñar actividades grupais e individuais.
 - 2.5. Desenvolver actividades de libre elección.
 - 2.6. Levar a cabo actividades diferentes para un mesmo contido, en diferentes niveis de dificultade.
3. Nos obxectivos e contidos:
 - 3.1. Definir e complementar obxectivos e contidos xerais e para os alumnos e as alumnas con n.e.e.
 - 3.2. Dar prioridade a obxectivos e contidos.
 - 3.3. Establecer os mínimos.

A ACCIÓN TITORIAL

Todo proxecto debe ter como obxectivo dar resposta á diversidade, e, para isto, o centro ten que elaborar un programa de orientación dirixido á personalización do proceso de ensino-aprendizaxe; aínda que a súa realización sexa, en última instancia, responsabilidade do titor ou da titora de cada grupo de alumnos.

A función titorial é moi variada, pois abarca practicamente todas as facetas e actividades da vida escolar, xunto coas da realidade persoal e social relacionadas con elas. Todo docente é responsable dun grupo de alumnos e de alumnas e sobre eles debe exercer a súa acción titorial, encamiñada a axudalos para que se coñezan e se acepten a si mesmos e ao mundo que os rodea, para que alcancen unha maior eficacia intelectual, profesional e persoal, e para que se relacionen máis satisfactoriamente consigo mesmos e cos demais.

Pero, ademais desta relación co alumnado, o titor ou a titora, como punto de articulación entre todos os eixes do sistema educativo, terá que establecer tamén contactos coa área institucional e familiar.

Así pois, a actuación titorial debe abarcar os seguintes **campos**:

- 1.^a **Psicosocial**: Coñecer as necesidades, motivacións, aprendizaxes, relacións cos compañeiros e compañeiras, capacidade de integración, etc., dos alumnos, para darlles resposta.
- 2.^a **Dinámico-grupal**: Coñecer e practicar as leis e o funcionamento do grupo.
- 3.^a **Institucional**: Coñecer e asumir os obxectivos da comunidade educativa á que representa.
- 4.^a **Familiar**: Facilitar o contacto permanente entre familia e escola.

FUNCÍONS DA ACCIÓN TITORIAL

As funcións da titoría respecto a todos os elementos que interveñen no proceso educativo son:

1.^a Referidas ao alumno ou á alumna

- a) Coñecer os seus antecedentes académicos e características diferenciais persoais.
- b) Afondar no coñecemento dos seus trazos de personalidade (aptitudes, intereses, motivacións, etc.).
- c) Favorecer no alumno o coñecemento de si mesmo.
- d) Detectar e analizar as súas dificultades persoais e escolares.
- e) Contribuír á mellora das súas relacións co grupo, co docente, coa familia, etc.
- f) Personalizar os procesos de ensino-aprendizaxe.
- g) Realizar as tarefas burocráticas oportunas (expedientes, cualificacións, etc.).

2.^a Referidas ao grupo de alumnos e de alumnas

- a) Aplicar a teoría científica para a formación dos grupos máis convenientes.
- b) Informar aos grupos sobre o funcionamento do centro, sobre as normas da clase e sobre o propio labor titorial.
- c) Coñecer o contexto económico e sociocultural do grupo.
- d) Desenvolver actitudes cooperativas e participativas de diálogo, reflexión e tolerancia no seu contorno.
- e) Coordinar suxestións, propostas e actividades escolares e extraescolares do grupo.

3.^a Referidas ao equipo docente

- a) Coordinar a información que os docentes teñen sobre os alumnos e as alumnas e sobre o grupo.
- b) Coordinar o proceso avaliador dos alumnos.
- c) Asesorar sobre a promoción dun ciclo a outro.
- d) Colaborar cos equipos de orientación do centro e da zona.
- e) Coñecer a programación, a metodoloxía e os obxectivos de cada área.

4.^a Referidas á familia

- a) Establecer relacións fluídas coas familias para facilitar a coordinación co centro.
- b) Implicar os pais e as nais en actividades de apoio á aprendizaxe e á orientación dos seus fillos e das súas fillas.
- c) Informar aos pais e ás nais de todos aqueles asuntos que afecten á educación dos seus fillos e das súas fillas.
- d) Mediar, con coñecemento de causa, en posibles situacións de conflito e informar á familia.

5.^a Referidas ao centro

- a) Participar na elaboración dos obxectivos do centro e asumilos.
- b) Actuar como voceiro ou voceira do grupo nas xuntas de avaliación.
- c) Manter contactos periódicos cos grupos de orientación do centro e da zona.

- d) Colaborar con aquelas entidades que interveñan, para facilitar a atención aos alumnos e ás alumnas.

OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA

Os obxectivos establecen as capacidades que os alumnos e as alumnas deben conseguir ao finalizar o proceso educativo, e referírense, como mínimo, a cinco grandes tipos de capacidades humanas: cognitivas ou intelectuais, psicomotrices, afectivas, de relación interpersonal e de actuación e inserción social. Para a súa mellor organización, administración, definición e axuste á realidade educativa, están estruturados en diferentes niveis, desde os máis xerais (etapas, ciclos e áreas) aos máis específicos (terminais ou didácticos).

A partir dos obxectivos xerais da etapa, cada equipo docente ten a misión de fixar os obxectivos de ciclo, adaptándoos ás características do seu centro e do seu contorno; aínda que, verdadeiramente, o currículo se dinamiza e adquire maior relevo a través da formulación dos obxectivos terminais, por parte de cada titor ou titora na súa aula, indicando o que (feitos, conceptos e principios: *compoñente conceptual*), o como (procedementos, métodos, técnicas, habilidades e destrezas: *compoñente procedemental*) e o para que (actitudes, valores e normas: *compoñente actitudinal*) das capacidades que se deben adquirir e desenvolver por parte do alumnado.

Os obxectivos xerais de etapa propostos expresan as capacidades que deberán adquirir os alumnos e as alumnas ao final da etapa, para o cal se tivo en conta o disposto no currículo oficial.

Os obxectivos de ciclo que dan réplica aos de área e aos xerais da etapa foron secuenciados por ciclos polas seguintes razóns: adaptalos ás características evolutivo-madurativas específicas do alumnado e facilitar así a súa adquisición; telos presentes no momento de organizar e secuenciar os contidos, e como indicadores á hora de establecer os criterios de avaliación final de cada ciclo, marcando os niveis que deben alcanzar os alumnos, e facilitar a coordinación e orientación do profesorado con referencias concretas sobre as necesidades do alumnado.

Por outra parte, e por estas mesmas razóns, na planificación da cada unha das áreas, concebimos un proxecto no que, partindo duns obxectivos xerais de área para toda a etapa, se establecen uns obxectivos de ciclo cos seus correspondentes contidos e criterios de avaliación para o citado ciclo.

OBXECTIVOS DE ETAPA

Segundo Ciclo

- 1.1. Comprender e producir mensaxes orais e escritas, de forma progresiva, en función de necesidades e intereses, respectando as normas básicas da lingua galega e castelá.
- 1.2. Comprender e expresar mensaxes orais e escritas moi sinxelos en lingua estranxeira.
- 2.1. Comunicar opinións e sentimentos, sendo receptivo ante os dos demais, comprendendo e expresando as mensaxes mediante linguaxes verbais e non verbais.
- 2.2. Desenvolver o pensamento lóxico e a capacidade creativa, aprendendo a gozar das creacións propias e alleas e a respectalas.
- 3.1. Identificar e presentar interrogantes e problemas sinxelos a partir da experiencia diaria, intentando representalos de forma elemental.
- 3.2. Manifestar interese e curiosidade por comprender aspectos concretos do mundo que nos rodea, buscando respostas e solucións.
- 4.1. Utilizar os coñecementos adquiridos para presentar e solucionar de forma autónoma e creativa problemas sinxelos, solicitando a axuda doutras persoas en caso de necesidade e utilizando os recursos dispoñibles.
- 4.2. Utilizar os procedementos oportunos para obter a información pertinente para resolver unha situación, seleccionándoa, organizándoa, procesándoa e representándoa mediante diferentes códigos.
- 5.1. Actuar e desenvolverse con autonomía nas actividades cotiás e nos grupos sociais próximos (familia, escola, grupo de amigos e amigas e barrio), recoñecendo posibilidades e limitacións.
- 5.2. Desenvolver o autoconceito, a autoestima, a eficacia e a capacidade de establecer relacións afectivas.
- 6.1. Colaborar no deseño e na realización de actividades grupais, tomando iniciativas na planificación dalgunha delas, aceptando as normas establecidas entre todos, facendo compatibles os propios obxectivos cos desexos dos demais e asumindo responsabilidades.
- 7.1. Establecer relacións equilibradas e construtivas cos demais, recoñecendo as diferenzas de tipo social, rexeitando a discriminación a causa das diferenzas individuais, e desenvolvendo actitudes de solidariedade, respecto e tolerancia.
- 8.1. Coñecer algunhas normas dos grupos sociais próximos (colexio, barrio e localidade), adquirindo hábitos para obrar de acordo con elas.
- 8.2. Apreciar a importancia dos valores básicos da vida e a convivencia humana.
- 9.1. Coñecer feitos e fenómenos dos contornos natural e social, comprendendo algunhas das relacións que se establecen entre ambos.
- 9.2. Recoñecer e analizar a situación ambiental do contorno local, asumíndoa como elemento determinante da calidade de vida das persoas, e contribuíndo activamente, na medida do posible, á súa defensa, conservación e mellora.
- 10.1. Coñecer as manifestacións máis relevantes do patrimonio cultural local e provincial, contribuíndo, na medida do posible, á súa conservación.

- 10.2. Coñecer a existencia doutras culturas e linguas diferentes da propia, desenvolvendo unha actitude de respecto e interese pola diversidade.
- 11.1. Coñecer e dominar o propio corpo, contribuindo activamente ao seu desenvolvemento harmónico.
- 11.2. Practicar exercicio físico e adoptar os hábitos elementais de hixiene e alimentación, valorando a súa repercusión sobre a saúde.